

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DE A CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN JUAN 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de la Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia, e a Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña , para o apoio á celebración das Hogueras 2023.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus



estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- A Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña , en adiante, a Asociación de Meigas, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización das Hogueras de San Juan.

Este ano 2023 cúmprense 50 anos desde que a comisión promotora das Hogueras de San Juan, instaurase o Cardo de Prata como distinción oficial do resurxir das fogueiras coruñesas.

A festa das Fogueiras de San Xoán de A Coruña, é un evento de prestixio que conxuga uns ritos ancestrais coas actividades lúdicas actuais que acadan o seu punto álxido coa celebración da "Noite da Queima" , na noite do 23 de xuño.

A noite de San Xoán é o fito festivo de maior relevancia de todo o ano, sendo sen dúbida un momento máxico inigualable sen parangón posible con calquera outra noite. O culto ígneo desta noite vívese dende sempre con grande intensidade na cidade de A Coruña.

Así mesmo, a Festa do Aquelarre Poético coa proclamación da Meiga Maior ou a Festa do Solsticio Poético, na que se proclama a Meiga Maior Infantil serven de prólogo a todo un mes de actividades que terá como epílogo a tradicional Homenaxe á Bandeira.

Ao longo destes anos, seis décadas, sacaron adiante case cinco mil actos de todo tipo, culturais, sociais, deportivos e populares; logrando que as HOGUERAS fosen declaradas



sucesivamente festas de interese turístico de Galicia, festa de interese turístico nacional e xa **no ano 2015 Festa de Interese Turístico Internacional**.

Cuarto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Quinto.- Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

